

SALVE MARÍA

Mar Coll, 2024

1396

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2024 | V.O.S.E. | +16 | 111 min

María, unha escritora moza que acaba de ser nai, atópase coa noticia dun suceso estremecedor: unha muller francesa afogou os seus xemelgos de 10 meses na bañeira. María obsesiónase coa infanticida, por que os matou? A partir dese momento, a sombra do infanticidio vaina axexar como unha vertixinosa posibilidade.

«Mar Coll entrega un thriller asfixiante, un 'body horror' realista e un dos mellores filmes españois do ano»

Javier Zurro, elDiario.es



Entrevista con Mar Coll:
«Hai algo que dá moita vertixe cando es nai, que ten que ver con que es capaz de dar vida pero tamén de dar morte»

Por María Juevas

O filme tinguéuse dunha sensación de incomodidade, asombro e tamén liberación, porque fala de cousas que se pensan pero que quizais non nos atrevemos a dicir. Non sei se esa foi a túa mesma reacción cando liches a novela. Totalmente. Cando lin a novela de Katixa Agirre, o meu fillo apenas tiña un ano e sentínome aliviada e identificada coa súa mirada sobre a maternidade. Cando te das conta de que algunhas das cousas que a ti che suceden son compartidas, ata o punto de que se poidan nomear, sénteste máis acompañada. Porque entendes que tamén forman parte da experiencia, que non é unha excepción, e sentes certo alivio.

E desde ese primeiro impacto, en que momento decides facer este filme?

Valentina Viso é unha persoa moi importante neste proxecto. É a miña coguionista, coa que sempre comezo os proxectos. E ademais resulta que é a miña mellor amiga desde que era unha nena. Conversamos moito. Ela foi nai antes ca min e a experiencia é tan chocante que a compartiu, polo que tamén o vivín moi preto. Realmente, o meu primeiro contacto coa maternidade foi a través dela. Decateime de que era algo moito máis complexo e difícil do que tiña na cabeza. Despois de ter o meu fillo, tiña moitas ganas de empezar un novo proxecto, así que o tema da maternidade estaba sobre a mesa. Ademais, en lugar de partir dun material propio, que é como sempre faciamos nós os filmes, apeteceunos facer unha adaptación para saír un pouco da zona de *confort*. A novela tiña unha premisa que nos podía levar ao *thriller*, o que tamén nos parecía un reto.

María, a protagonista, é un personaxe que, a priori, pode cause certa antipatía.

Preocupábase iso á hora de escribir o personaxe? Totalmente. Era algo que tiñamos na cabeza. Sabiamos que o tema era moi delicado, sentir rexeitamento ou desapego cara o teu fillo, que é un bebé tan vulnerable, que é a viva imaxe da fragilidade e da tenrura. É un tema que ademais é sensible, porque se pode discutir sobre moitas cousas, pero cando se discute sobre maternidade ou nenos, a xente acéndese máis. Eramos conscientes disto e tamén de que había un tabú ao redor destas maternidades máis ou menos funcionais. Non queríamos facer un filme frío ou distante ou crítico, senón sabendo que era un tema delicado, tamén para min mesma. Queríamos facer un filme máis humano e sobre todo estar moi preto desta protagonista e tratar de entendela. Sabiamos que había que ir con coidado, que había que empatizar con ela e que che dera moita pena a súa situación. Pero tampouco había que frivolar. Unha das cousas que tiña eu apuntadas na cabeza era filmar o bebé, porque o problema é grave: o bebé está aí.

O filicidio continúa sendo un tabú na sociedade, e aquí, a protagonista non só se obsesiona con ese crime, senón que incluso se sente tentada. Isto é algo do que non te avisan cando vas ser nai. Ás veces, cando vas facer revisións postparto, está no protocolo preguntarte se tes pensamentos de lesionar o bebé. Se está nestes protocolos é porque é máis frecuente do que se pode pensar. E ten bastante sentido porque hai algo que dá moita vertixe cando es nai, que ten que ver con que es capaz de dar vida pero tamén de dar morte, porque ese fillo é moi vulnerable e depende ao 200% de ti. Iso ponte por primeira vez nunha posición moi estraña. A posibilidade existe e é moi fácil, non é como ter pensamentos de roubar un banco. Non só nos interesaba apelar a un sentimento tan externo como a pulsión de acabar coa vida do teu bebé, senón a calquera sentimento de ambivalencia, que é máis común.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

As nais non,
Katixa Agirre.
Aira editorial, 2024

Maternidades subversivas,
María Llopis.
Txalaparta, 2015